

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA
DISCIPLINA	DRAMATURXIA II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual / Xestual
CURSO	3º (2º semestre)
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTE	Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario titorías: Despacho: Dpto. de Dirección escénica e Dramaturxia. Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.es
DESCRIBIÓN	Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluíndo o espectáculo audiovisual). Coñecemento e análise das estruturas e xéneros dramáticos e audiovisuais. Principios de análise e creación de personaxes.
COÑECEMENTOS PREVIOS	DRAMATURXIA I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
EI1	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EI6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Definir e aclarar que é dramaturxia e cales son os seus ámbitos específicos en relación ao traballo actoral. As funcións do/a dramaturxista / dramaturgo/a.	T2. T4. T7. T13 X7. X8. EI5. EI6.
2. Deslindar, definir e empregar a terminoloxía fundamental dramatolóxica en relación ao campo da dramaturxia actoral.	T2. T4. T13. X3. X8. EI3. EI5.
3. Analizar as relacións entre dramaturxia, traballo actoral, espectáculo e recepción. As convencións espectaculares e a actuación.	T1. T4. X3. X7. EI3. EI5. EI6.
4. Coñecer os piares sobre os que se asenta o modelo dramático de base aristotélica e os seus condicionantes respecto á concepción do traballo actoral.	T2. T4. X3. X8.

	EI3. EI5. EI6.
5. Coñecer os parámetros fundamentais que configuran o diverso paradigma posdramático e as novas dramaturxias performativas, así como os desafíos no ámbito da actriz e do actor.	T2. T4. X3. X8. EI3. EI5. EI6
6. Iniciarse no adestramento e o dominio dos modos básicos de análise e composición dramaturxica do personaxe, persoa escénica, performer, actante, executante...	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
7. Iniciarse nos procedementos e mecanismos rítmicos que lle dan sentido e coherencia a unha partitura de accións.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
8. Iniciarse na composición de partituras de accións escénicas de diversa índole, dentro do amplo espectro das teatralidades posdramáticas e comprobar a súa rendibilidade teatral.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
9. Concibir e estruturar, de xeito coherente e fundamentado, calquera exercicio de análise e/ou composición.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI3. EI5. EI6.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Análise das condicións e premisas básicas para a composición nas dramaturxias posdramáticas.	1.1 Condicións básicas. Paisaxe. Pléora. Parataxe. Simultaneidade. Heteroxeneidade. Disxunción. Musicalización. Fisicalidade. Irrupción do real. Acontecemento. Improvisación. O actor, a actriz, descentrados (marionetas, manequíns, obxectos, máquinas) 1.2 Perspectivas e estilos. Ironía. Parodia. Simulacro. Biografía. Documento. Testemuña. Abstracción / concreción. Teatro de figuras. 1.3 Espazos. Duración. Multimedia.	1 (3h.)
2. Estudo das características principais comúns en pezas de repertorio internacionais pertencentes ás teatralidades posdramáticas.	2.1 Análise dramaturxica de pezas clave dun posible repertorio. 2.2 Elementos de composición 2.3 Relación coa espectadora e co espectador	1 (3h.)
3. Dramaturxia actoral.	3.1. A autonomía actoral nos procesos de creación e posta en escena. 3.2. Elementos de composición actoral. Acción e identidade (personaxe).	1/3 (1h.)
4. Aproximacións ao personaxe, persoa escénica, performer, actante, actor, rol...	4.1. Definición. 4.2. Funcións. 4.3. Nivel de complexidade na composición. 4.4. A identidade e a crise do personaxe.	1/3 (1h.)
5. Concepcións plásticas e obxectuais do personaxe.	5.1. Definición. 5.2. Funcións. 5.3. Tipoloxías, xéneros e estilos. Exemplos.	1/3 (1h.)
6. Dramaturxia actoral e expresión verbal na composición do personaxe.	6.1. Elementos físicos e sonoros da voz na caracterización. 6.2. Dicción.	1/3 (1h.)
7. Dramaturxia actoral e análise e composición non verbal do personaxe.	7.1. <i>Performance / mimese / dinámica</i> . Actuar / interpretar. 7.2. Xestualidade. 7.3. Mímica. 7.4. Proxémica. 7.5. Procedementos teatrais de realización xestual.	1/3 (1h.)
8. Dramaturxia actoral e caracterización externa	8.1. Caracterización e indumentaria. Aspecto externo. 8.2. Funcións da indumentaria na dramaturxia.	1/3 (1h.)
9. O ritmo nas dramaturxias posdramáticas.	9.1. Definición. 9.2. Función. 9.3. Mecanismos básicos. Análise e composición.	2 (6h.)
10. A construción da recepción nas dramaturxias posdramáticas.	10.1. A relación prevista espectáculo – espectador/a. 10.2. A partitura de efectos. 10.3. O control das expectativas.	1 (3h.)
11. Composición e realización de dramaturxias posdramáticas performativas. Elaboración de partituras de acción. Creación de mecanismos de coherencia.	11.1. Creación de mecanismos de coherencia nunha partitura de accións de diversa índole. Documentación, referentes, fontes, etc. 11.2. Realización dunha dramaturxia performativa posdramática. Improvisación e composición da partitura. 11.3. Codificación axeitada dunha dramaturxia performativa posdramática.	8 (24h.)
TOTAL SESIÓNS		15 sesións de 3h. (Total 45 h.)



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias			
Exposición maxistral	4	5	9
Exposición práctico-teórica	15	10	25
Práctica individual	15	30	45
Práctica colectiva	10	20	30
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais	8		8
Tutorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4	5	9
Actividades de avaliación. Revisión			

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición teórica sobre as concepcións teatrais segundo estéticas e modalidades.	(Tema 1) Estudo básico sobre as teorías arredor da dramaturxia na súa diversidade de estéticas e modalidades espectaculares.
Exercicios de análise de pezas dun repertorio internacional pertencentes ás teatralidades posdramáticas.	(Tema 2) Análise de documentos audiovisuais de pezas diversas do repertorio internacional pertencentes ás teatralidades posdramáticas. Estudo das características comúns en todas esas pezas e extracción das condicións e premisas fundamentais para a creación e composición.
Exercicio de análise de modelos de composición dramaturxica e traballo actoral en espectáculos diversos.	(Temas 2 ao 8) Sistematizar un procedemento de análise no que se poidan describir todos os elementos e procedementos que concorren nun determinado xeito de facer e entender o teatro. A partir de documentos audiovisuais de espectáculos que responden a diferentes tendencias, xéneros e estilos. Concluir cal é o tratamento da acción e o sentido que implica.
Exposición e exercicios sobre os elementos compositivos e as accións que xeran tensión rítmica nunha dramaturxia.	(Tema 9) Analizar que elementos e mecanismos producen ritmo nunha dramaturxia e nun espectáculo. Análise de obras breves e aplicación a súa escenificación e a súa execución actoral.
Exercicio introductorio á adaptación dramaturxica de materiais textuais e a súa posta en escena segundo modelos e paradigmas compositivos determinados, con especial énfase na creación actoral.	(Tema 10) Aplicar os conceptos e ideas expostas no tema 4, nun traballo de grupo, para adaptar textos creando dramaturxias que respondan a eses modelos e paradigmas estudados e facer a súa presentación escénica.
A análise dramaturxica do proceso de produción e recepción das convencións teatrais actorais e os códigos espectaculares.	(Temas 10 e 11) Análise da natureza dos pactos convencionais e dos códigos espectaculares que conforman a linguaxe escénica e que determinan as composicións dramáticas. Estudo dos diferentes efectos que unha dramaturxia e o traballo actoral poden producir ou provocar na recepción. Codificar unha hipotética partitura de efectos asociada a unha dramaturxia.
Exercicio, individual e colectivo, de creación e composición de partituras de accións escénicas de diversa índole dentro do amplo espectro das teatralidades posdramáticas.	(Tema 11) Realización escénica e dramaturxica dun espectáculo de pequeno formato pertencente ao amplo espectro das teatralidades performativas posdramáticas. Codificación axeitada e coherente da dramaturxia máis a súa realización escénica que demostre a súa viabilidade e eficacia. Achegar unha partitura dos efectos previstos na recepción. Achegar os documentos que xustifiquen os referentes empregados así como as decisións tomadas.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	10%
Exercicios de análise e reflexión. Documentación e xustificación.	T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	35%
Exercicios de creación e composición. Dramaturxia da peza.	T1. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI3. EI5. EI6.	35%
Mostra escénica da peza final.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	20%
7.2. Avaliación extraordinaria		

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%
7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS
<p>Referencias básicas</p> <p>Aristóteles: (2007): <i>Poética</i>, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña.</p> <p>Becerra de Becerreá, Afonso (2007): <i>Dramaturxia. Teoría e practica</i>, Vigo, Galaxia.</p> <p>Becerra de Becerreá, Afonso (2018): <i>Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática</i>, Santiago de Compostela, Através Editora.</p>
<p>Referencias complementarias</p> <p>Barba, Eugenio e Savarese, Nicola (2012): <i>El arte secreto del actor. Diccionario de antropología teatral</i>, Bilbao, Artezblai.</p> <p>Carlson, Marvin (2005): <i>Performance. Unha introdución crítica</i>, Vigo, Galaxia.</p> <p>Lehmann, Hans-Thies (2013): <i>Teatro posdramático</i>, Murcia, CENDEAC.</p> <p>Melendres, Jaume (2000): <i>La dirección de los actores. Diccionario mínimo</i>, Madrid, ADE.</p> <p>Pavis, Patrice (1998): <i>Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología</i>, Barcelona, Paidós.</p> <p>Ryngaert, Jean-Pierre et Sermon, Julie (2006): <i>Le personnage théâtral contemporain: décomposition, recomposition</i>, Paris, Éditions Théâtrales.</p> <p>Sánchez, José A. (1999): <i>Dramaturgias de la imagen</i>, Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.</p> <p>Sarrazac, Jean-Pierre (1999) : <i>L'Avenir du drame</i>, Paris, Circé.</p> <p>Szondi, Peter (2011): <i>Teoría del drama moderno (1880-1950). Tentativa sobre lo trágico</i>, Madrid, Dykinson.</p>

9. OBSERVACIÓNS
<p>ACORDOUSE COA XEFATURA DE ESTUDOS E NAS REUNIÓNS DE EQUIPAS DOCENTES DE 3º CURSO DA ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN QUE:</p> <p>Ante a situación actual derivada da pandemia pola Covid-19 e ante a previsión de que nos meses de outono e inverno (1º semestre) resulte máis difícil o traballo relativo ás dramaturxias non textuais posdramáticas, pertencentes ao teatro de creación colectiva, optamos por cambiar para os meses de primavera (2º semestre) eses contidos, que nas guías docentes estaban situados en Dramaturxia I e pasalos ao programa de Dramaturxia II, en previsión de que as condicións melloren e, de non ser así, que teñamos o tempo suficiente para planificar ese traballo de índole colaborativa e colectiva coas garantías necesarias.</p> <p>Así pois, fican no programa de Dramaturxia I (1º semestre) os traballos máis individuais pertencentes ás teatralidades encadradas no modelo do drama de base aristotélica.</p> <p>Fican no programa de Dramaturxia II (2º semestre) os traballos colaborativos e de grupo, que requiren unha realización escénica, porque se trata de dramaturxias a pé de palco, encadradas no que se adoita denominar como teatralidades posdramáticas.</p> <p>Alén diso:</p> <p style="text-align: center;">MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS</p> <p>Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.</p> <p>Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:</p> <p>ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático Competencias: T1. T8. T12. X4. X6. ED5. Ponderación: 10%</p> <p>ACTIVIDADE 2: Práctica de análise dramaturxica de 1 peza performativa posdramática. Competencias: T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. X8. EI2. EI3. EI5. EI6. Ponderación: 20%</p> <p>ACTIVIDADE 3: Práctica de creación de 1 peza pertencente ao ámbito das dramaturxias non textuais para a súa presentación escénica.</p>



Competencias: T1. T2. T3. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
Ponderación: 70%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).